

*Día das
Letras Galegas
2022*

Adiviñanceiro tradicional do Corgo



**Concello
do Corgo**

Adiviñanceiro tradicional do Corgo

Por *LOIS LADRA*

As recollas orais: alicerces teóricos e antecedentes historiográficos

A **Literatura Popular de Tradición Oral** componse dunha ampla serie de manifestacións coñecidas como «etnotextos», que poden ser clasificados en diversos xéneros: contos, lendas, romances, cantigas, refráns, adiviñas, oracións... Todos eles conforman un amplo e senlleiro acervo cultural, integrado naquilo que noutrora foi designado como *folklore* e que hoxe por hoxe é coñecido como **Patrimonio Cultural Inmaterial**.

A **UNESCO** (Organización das Nacións Unidas para a Educación, a Ciencia e a Cultura), na súa **Convención para a Salvagarda do Patrimonio Cultural Inmaterial**¹, celebrada en París no ano 2003, definiu o Patrimonio Cultural Inmaterial coma o conxunto de «prácticas, representacións, expresións, coñecementos e técnicas (...) que as comunidades (...) recoñecen como parte integrante do seu patrimonio cultural». Entre estas «expresións», moitas delas típicas da oralidade, poderíamos incluír as adiviñas, definidas como «un xogo en forma de loita intelectual», formulado case sempre en verso, que consiste basicamente en «descubrir

1 https://unesdoc.unesco.org/ark:/48223/pf0000132540_por [Consultado o 15 de febreiro do 2022].

ou identificar un contido, proposto por outra persoa, encuberto nunha descrición literaria» (COBAS, 2014: 159).

A maior parte dos investigadores coincide en atribuír ás adiviñas unha tripla funcionalidade: pedagóxica, lúdica e poética (GÁRFER e FERNÁNDEZ, 1984: 10 e 27). Amáis disto, convén non esquecer que Galicia ten sido considerado coma o país das adiviñas (*idem* p. 78) e que un rasgo diferenciador dela no seu contexto ibérico é a elevada frecuencia de versificacións amétricas (*id.* p. 39), sendo os temas nelas predominantes todos aqueles relacionados coa tríada conformada pola vaca, o binomio ovo-galiña e a parella castaña-castiñeiro (RODRÍGUEZ, 1986: 470).

As recollas das adiviñas tradicionais en Galicia recúan ao século XIX, cos traballos pioneiros de Saco y Arce (1881) e as preocupacións clasificatorias e teóricas xa se formulan en tempos da revista Nós (1920: 16-17) e de Vicente Risco (1928: 151).

En termos cuantitativos e para o conxunto do país sobrancean os valores compilatorios acadados por Francisco Vázquez Saco en 1955 (149 adiviñas) e por Paco Martín, ben sexa no ano 1975 (con algo mais de 350 unidades), ben no 1985 (máis de 1.000 exemplos). Outras achegas significativas (GÁRFER e FERNÁNDEZ, 1984 e 2017) carecen por desgraza de unha numeración secuencial correlativa, dificultando así calquera cuantificación ou concisión nas citas. Para alén disto, poderíamos aínda referir a existencia de outros adiviñanceiros nos que a creación literaria acompaña ás recollas da tradición oral (CORTIZAS, 2021) ou as substitúe abertamente (SÁNCHEZ, 1994).

No relativo ás achegas de ámbito xeográfico exclusivamente parroquial, municipal ou comarcal (cfr. táboa *infra*), apenas citaremos uns poucos exemplos clásicos, como as recollas de Noriega Varela na montaña e na mariña lucense, as do Seminario de Estudos Galegos en Calvos de Randín, Velle e na Terra de Melide, as de Francisco Lanza en Ribadeo, as de Laureano Prieto na Gudiña, as de Ben-Cho-Shey en Santa Marta de Moreiras, as de Nicanor Rielo en Carballedo... e outras mais recentes.

Bases metodolóxicas para a recolla do adiviñanceiro tradicional

O Concello do Corgo, a través do Proxecto CORGORAL (LADRA, 2021a) e no ámbito dos traballos de recompilación da Literatura Popular de Tradición Oral, dá a coñecer o presente adiviñanceiro tradicional corgués,

	Fonte	Territorio	Adiviñas
01	Noriega, 1914 e ss.	Montaña e Mariña lucense	151
02	Cuevillas e Lourenzo, 1930	Vila de Calvos de Randín	17
03	Lanza, 1933	Ribadeo	15
04	Risco e Rodríguez, 1933	Terra de Melide	18
05	López, Fdez e Lorenzo, 1936	Parroquia de Velle	18
06	Prieto, 1949	Concello da Gudiña	55
07	Ramón, 1968	Parroquia de Santa Marta de Moreiras	39
08	Rielo, 1976	Concello de Carballedo	24
09	Aparicio, 1992	Concello de Poio	47
10	Fonteboa, 1992	Comarca do Berzo	132
11	Montes, 1997	Val de Láncara	11
12	Lamela <i>et al.</i> , 1998	Ourense, Santiago, Viveiro e Tui.	23
13	Estraloxos, 2003	Concello de Pantón – Ribeira Sacra	319
14	Carnero <i>et al.</i> , 2004	Concello de Abadín	51
15	Cortizas, 2009	Concello de Carnota	270
16	Bello Garnelo, 2010	Concellos de Borrenes e Carucedo	39
17	Alonso, 2014	Concellos de Trasmiras e Cualedro	96

que reúne mais dun cento de adiviñas recollidas nas terras que actualmente integran o seu termo municipal. Este *corpus* non se pode considerar como algo pechado e definitivo, pois sempre precisará, como todos os demais feitos até a data, de futuras revisións e actualizacións. A elaboración deste adiviñanceiro baseouse en tres premisas fundamentais:

1. Recompilación de fontes escritas e orais con adiviñas formuladas na lingua propia dos corgueses e que poidan ser consideradas como amostras da tradición vernacular local.
2. Ordenación inicial dun primeiro *corpus* dacordo con criterios cronolóxicos, indo desde as amostras mais antigas até as mais recentes, co propósito de proceder posteriormente a eliminar exemplos alleos, impropios, claramente traducidos e/ou repetidos.

3. Exposición final do adiviñanceiro, seguindo unha numeración secuencial correlativa e individualizada das fórmulas, ordenadas alfabeticamente, incluíndo nun primeiro bloque os enunciados ou propostas e nun segundo as respectivas solucións.

Nestes intres podemos afirmar que o armazón do adiviñanceiro tradicional do Corgo está firmemente asentado sobre tres piares: un pequeno *corpus* inédito, recollido polo cronista oficial na súa mocidade (ABUÍN, 1947), o conxunto ordenado das achegas recollidas e publicadas na prensa escolar local ao longo dos últimos corenta anos (LADRA, 2021b) e as respostas a un cuestionario escolar realizado *ex profeso* para o Proxecto CORGORAL polo alumnado local do ensino primario e secundario.

O **adiviñanceiro de Xesús Abuín** foi recollido nos finais da primeira metade do século pasado, contra o ano 1947 e principalmente a través de numerosas conversas informais mantidas por este recompilador cos seus veciños, no decurso de diversos velatorios celebrados na parroquia de San Xoán do Corgo. Esta práctica lúdica comunitaria está amplamente documentada en contextos funerarios como unha actividade informal que contribuíu a alixear as tensións derivadas da dor provocada polo pasamento do defunto (GÁRFER e FERNÁNDEZ, 1984: 22 e 26; COBAS, 2014: 174). O soporte físico orixinal desta recolla foi unha minúscula libretina, pautada e manuscrita, de 50 × 67 mm, que hoxe se atopa no arquivo persoal do Sr. Abuín e que nos foi amablemente emprestada para proceder á súa consulta demorada e posterior edición parcial.

A análise pormenorizada da **prensa escolar corguesa** tense evidenciado como unha sobranceira fonte de recadativas para o estudo sistemático da Literatura Popular de Tradición Oral (LADRA, 2021b: 30). As cabeceiras históricas desta prensa alternativa comprenden un amplo período cronolóxico, a cabalo dos finais do século pasado e dos comezos do presente: *A Voz da Escola* (1980-2007), *Ecos del Corgo* (1981-85), *Cousas da Escola* (1987-2012) e *Rapilán* (2008-2021).

Finalmente, o **cuestionario escolar** foi deseñado por quen isto suscribe no ámbito do Proxecto CORGORAL e realizado voluntariamente de xeito individual por parte do alumnado do CEIP Plurilingüe «O Corgo» e do CPI «Ramón Piñeiro», ao longo dos meses de xaneiro, febreiro e marzo do ano 2022. Os labores de coordinación destas

recollas foron realizados por Consuelo del Pilar López Fernández e María Sandra Rodríguez Álvarez no referido CEIP, así como por Xurxo Xosé Rodríguez Lozano, no mentado CPI. Entregouse a cada alumno que quixo participar nesta angueira unha folla con diversos campos que recollesen as fórmulas adiviñatorias e identificasen a orixe xeográfica dos informantes, preservando o dereito dos mesmos á súa privacidade e ao seu anonimato.

Nunha segunda fase, procedeuse á creación de unha base de datos na que foron introducidas todas as adiviñas previamente recompiladas. Logo de se materializar a súa ordenación secuencial con criterios alfabéticos, procedeuse a unha análise demorada, respectando as diversas variantes, pero eliminando as amostras en lingua castelá, as duplicidades, as traducións directas e as composicións modernas, que nalgúns casos até poden ser consideradas populares, pero non tradicionais. Con posterioridade a esta filtración inicial, efectuouse unha primeira valoración cuantitativa que totalizou **cento trinta e cinco adiviñas** e ofreceu os seguintes resultados:

- Adiviñanceiro do Sr. Abuín (1947): trinta e unha adiviñas.
- Prensa escolar local (1980-2021): corenta e nove adiviñas.
- Cuestionarios recentes (2022): cincuenta e cinco adiviñas

O adiviñanceiro tradicional do Corgo: as formulacións

- 01** Alta me vin,
alta me vexo
e alá enriba
deixei o pelexo.
- 02** Alta moi alta
teño a morada.
E perdo o que teño
por unha risada.
- 03** Altas aradas e vacas rascadas,
prata fermosa e can rabioso.

- 04** Alto copete,
redondo molete:
que chova, que neve,
nunca se derrete.
- 05** Alto estou,
cor de ouro teño;
por unha risada,
perdo canto teño.
- 06** Alto estou,
pino de ouro teño.
E se me río,
perdo canto teño.
- 07** Alto me vexo
no meu capelexo.
Véxote vir
e non podo fuxir.
- 08** Alto me vexo
no meu lugarexo.
Véxote vir
e non podo fuxir.
- 09** Alto mírame a xente.
E se me río, quedo sen nada.
- 10** Alto moi alto
teño o meu fogar.
E perdo o que teño
por rir a escachar.
- 11** Alto te vexo
no meu cacarexo.
Véxote vir
e non podo fuxir.

-
- 12** Altos pais,
peludas nais
e fillos con peles.
Adiviña se queres.
- 13** Anda e non ten pés.
Come e non ten boca.
E toda a comida
parécelle pouca.
- 14** Anda e non ten pes.
Fala e non ten boca.
- 15** Anda sen pés.
Come sen boca.
E toda a comida
parécelle pouca.
- 16** Aquí estamos os doce irmáns.
Eu, que o segundo nacín,
son o menor de todos.
Como pode ser así?
- 17** Arquíña pechada de bon parecer.
Ningún carpinteiro a sabe facer.
Só Deus co seu poder.
- 18** Brama e brama como touro
e reloce coma ouro.
- 19** Cabe nunha man
e non cabe nunha arca.
- 20** Cal é a cousa, cal é,
que canto máis se mira, menos se ve?
- 21** Cal é o animal
que ten as patas na cabeza?

- 22** Cando vai para o monte,
vai cheo.
Cando ven para casa,
ven baleiro.
- 23** Cando vai para o monte
dalle os cornos á casa.
Cando vai para a casa
dalle os cornos ao monte.
- 24** Cando vai para o monte
mira para a casa.
E cando vai para casa
mira para o monte.
- 25** Cando vai para o monte
vai encollido.
E á volta para a casa
ven estalicado.
- 26** Cando vai para o monte
vai engorullado.
E ao vir
ven estalicado.
- 27** Cando vai para o monte
vai calada.
E chega ao monte
e berra.
- 28** Capiña sobre capiña,
a capiña era de pano.
Se non cho digo
non o acertas nun ano.
- 29** Catro *andamontes*, catro *pisapontes*,
dous *turalulas* e un *dalle-dalle*.

- 30** Catro gatos nun lousado.
Cada gato mira a tres.
Dime ti, meu rapaciño,
cantos gatos pode haber.
- 31** Catro teñen trinta,
sete trinta e un.
Dime ti como se chama
o máis curto que ningún.
- 32** Cen damas polo camiño.
Non fan pó nin remuíño.
- 33** *Chorín-choraba*
atrás da tora estaba.
Cando a tora caía,
chorín calaba.
- 34** Como andan as monxas,
cando se vai a luz?
- 35** *Cucurico* non ten ollos,
cu nin bico.
E os fillos de *cucurico*
teñen ollos, cú e bico.
- 36** Cun só dente
chama á xente.
- 37** Da casa onde nacín
nunca totalmente saín.
- 38** De abalo en abalo
fai un boi esbarrigado.
- 39** De bonito hei de presumir:
son branco como a cal;
todos me saben abrir
e ninguén me sabe pechar.

- 40** De burato en burato
e cas tripas a rastro.
- 41** De día cheo de carne
e de noite sempre coa boca aberta.
- 42** Debaixo da saia da nai
está a pirola do pai.
- 43** Debaixo de *pínguele-pínguele* estaba *dúrmele-dúrmele*.
Veu *vúligui-vúligui* para comer a *dúrmele-durmele*.
Baixou *pínguele-pínguele* e despertou a *dúrmele-dúrmele*.
Levantouse *dúrmele-dúrmele* e matou a *vúliqui-vúlique*.
- 44** Detrás daquel coto hai un boi xoto.
E non hai home nado nin por nacer
que na sua corte o poida meter.
- 45** Dez señoriños de par en par.
Pasan o río sen se mollar.
- 46** Dez señoriños de par en par.
Cruzan o río sen se mollar.
- 47** Dous bois brancos
metidos nunha corte de ferro.
- 48** Dous bois marelos
nun corraliño de ferro.
- 49** Dous peludos, un pelado
e outro que lle calca o rabo.
- 50** Duas bailarinas
que bailan a un compás.
Onde vai unha,
a outra vai detrás.

- 51 Dúas compañeiras van ao compás;
cos pés diante e os ollos detrás.
- 52 Dúas nais e dúas fillas,
que van a misa cubertas
con tres *mantillas*.
- 53 Dúas patas cun soporte.
E son ás veces tan feras
que che poden dar un corte.
- 54 É unha caixa pequeniña
e branquiña como a cal.
Todos sábeno abrir
e ninguén o sabe pechar.
- 55 Entre tellas e tellados
hai unha dama encontrada.
Que chova ou que faga sol,
sempre a dama está mollada.
- 56 Estudante, ti que estudas e tes grande sabedoría,
dime, pois: cal é a ave que ten peitos e cría?
- 57 Fermosa planta con unha flor.
Xira e xira buscando o sol.
- 58 Fouce no rabo e serra na testa.
Que cousa será esta?
- 59 Igrexa pequechiña, sacristía regular.
E os santiños que están dentro,
todos teñen a mesma cor.
- 60 Longa como unha soga
e ten dentes coma unha loba.
- 61 *Longarela, longarela*
anda debaixo da terra.
E non ten oso nin costela.

- 62 Longo como un camiño
e torto como un fouciño.
- 63 Longo, longuíño, empedregado
e todos os días hai que pisalo.
- 64 Marrón por fora, branca por dentro.
Asada sabe ben e cocida tamén.
- 65 Miña comadre a picona,
ten un dente na *corona*.
- 66 Miña nai é tartamuda
e meu pai cantador.
Teño un vestido branco
e marelo o corazón.
- 67 Moi alto me vexo no meu capelexo.
Por unha risada quedo sen nada.
- 68 Na horta son criada
e na horta fun nacida.
Fago chorar a todos
os que me miran partida.
- 69 Nace no monte
e no monte se cría.
Chega a casa
e non dá alegría.
- 70 Nace no monte,
bebe na fonte.
E baila na casa
como unha rapaza.
- 71 Nacín na auga
e na auga me criei.
Se me pos na auga,
na auga morrerei.

- 72 *Nico-Nico* e a súa muller
teñen cola, pés e pico.
E os fillos de *Nico-Nico*
nin cola, nin pés nin pico.
- 73 No mantiño de Deus hai un *arboriño*
que nin é de pau nin é de piño.
Nin ti o sabes nin eu cho digo.
Que é?
- 74 Non é frade nin crego
e sempre anda vestido de negro.
- 75 Pelo con pelo
e o vivo no medio.
- 76 Pelo por baixo, pelo por riba.
E no medio unha cousa viva.
- 77 Pelo por riba, pelo por baixo.
E un bule-bule no medio.
- 78 *Peripé* de catro pés ía comer a *peripé* dun pé.
Veu *peripé* de dous pés
e tornou que non comese *peripé* de catro pés
a *peripé* dun pé.
- 79 Piquen que non piquen, eu hei de picar.
Son filla do demo e algo tiña que herdar.
- 80 Por baixo piñeiro.
Por cima liño.
Ao redor señores
e no medio flores.
- 81 Puntas para adiante
e ollos para atrás.

- 82** Que cousa é unha cousa
para quen sempre chove
e sempre está mollada?
- 83** Que cousa é unha cousa
que coa sua risada
perdeu a sua anada?
- 84** Que cousa é
que canto mais grande é,
menos se ve?
- 85** Que cousa é
que sempre está mollada?
- 86** Que cousa será,
que canto máis seca,
máis mollada está?
- 87** Que cousa, que cousa é?
Que che dá na cara
e ti non o vés?
- 88** Que é, unha cousiña cousa,
redondiña como unha lousa,
que non cabe nunha chousa?
- 89** Que é, unha cousiña cousa,
dous *dereitiños*, un *dalle-dalle*,
catro *mexafontes* e un *regamontes*?
- 90** Que é, unha cousiña cousa,
que entra na auga
e non se molla?
- 91** Que será, unha cousiña cousa,
que pasa polo rio e non se molla
e pasa polo lume e non se queima?

- 92 Que será, unha cousiña cousa,
que cando vai para o monte vai encollida,
e cando vai para casa vai estirada?
- 93 Que será, unha cousiña cousa,
que cando vai para o monte vai mirando para casa
e cando ven para casa vai mirando para o monte?
- 94 Que será, unha cousiña cousa,
redonda como unha lousa,
que non colle nunha chousa?
- 95 Que será, unha cousiña cousa,
cando vai para a casa mira para o monte
e cando vai para o monte mira para a casa?
- 96 Que será, unha cousiña cousa,
redonda como unha lousa,
que se cae non cabe nunha chousa?
- 97 Saio da sala e vou á cocíña
meneando na cola como unha galiña.
- 98 Se non cazo, traio.
E se cazo, non traio.
- 99 Se xuntarmos tres montóns de palla
e tres montóns de palla,
cantos montóns haberá?
- 100 Sempre quedas, sempre inquedas.
Durmen de día e pola noite espertan.
- 101 Sobe, sobe, canto pode.
Dá unha gran voz e morre.
- 102 Somos doce irmáns, eu o segundo nacín.
Se son o mais pequeno de todos, como poderá ser?

- 103** Somos doce irmáns e eu o mais pequeno.
Cada catro anos créceme o rabiño.
- 104** Son branca e non son papel.
Son verde e non son limón.
Son vermella e non son sangue.
Son negra e non son carbón.
- 105** Ten boca e non come.
Ten cú e non caga.
Ten pés e non anda.
- 106** Ten dentes e non come.
Ten cabeza e non é home.
- 107** Ten dentes e non come.
Ten barbas e non é un home.
- 108** Ten lombo e non anda.
Ten follas e non é planta.
Sabe moito e non fala.
- 109** Ten un dente
e tira pola xente.
- 110** Ten xemas e non é un ovo.
Ten copa e non é un sombreiro.
Ten follas e non é un libro.
...que é o que che digo?
- 111** Teño bico, corpo e ollo.
E non teño carne nin oso.
- 112** Teño unha capa
que parece un cobertor
e dá moita calor.
- 113** Todas as que viven no mesmo rueiro
tatexan como ela e vesten remendos.

- 114** Todo o día sen parar
e non sae do seu lugar.
- 115** Tras dunha porta vino facer:
sacar e meter,
dar de barriga
e non é picardía!
- 116** Tres medias moscas
e mosca e media,
cantas moscas son?
- 117** Un becho pequeno, negro e barulleiro,
que canta sen parar o verán enteiro.
- 118** Un demo maior
envolto nun cobertor.
- 119** Un galán entra por unha porta
con trescentas pólas e un ramo.
Non atinarás se non cho digo.
- 120** Unha cousiña cousa,
con dous *turururús*,
catro *cichafontes*
e un *dalle-dalle*.
- 121** Unha cuadra chea de vacas rubias,
e ven unha negra e várreas todas.
- 122** Unha nai con sete fillas
e a mais vella ten menos días.
- 123** Unha señora moi aseñorada,
con moitos remendos
e ningunha puntada.
- 124** Unha *señorita* moi aseñorada
que sempre vai mollada.

- 125** Unha *señorita* moi aseñorada.
Sempre está na casa e sempre está mollada.
- 126** Unha *señorita* moi aseñoreada.
Chea de remendos, sen unha puntada.
- 127** Unha *señorita* moi enseñoritada.
Chea de remendos, sen unha puntada.
- 128** Unha vella con un dente,
que berra pola xente.
- 129** Unha vella con un dente,
que chama a toda a xente.
- 130** Úsase para comer
e non é prato nin culler.
- 131** Verde fun e negra son;
vermella serei
e entre cinzas me verei.
- 132** Voa sen ás
e fala sen lingua
- 133** Voa sen ás,
silba sen boca,
pega sen mans
e non se toca.
- 134** Voa sen ás.
Corre sen pés.
Ninguén o viu e ninguén o ve.
Non é o vento: que é?
- 135** *Zancarrandullo* andaba na festa.
No medio inchaba,
e no rabo roncaba.
Tiña orellas e zangoneaba.

Adiviñanceiro tradicional do Corgo: solucións

- | | | | |
|----|---|----|----------------------------|
| 01 | A castaña. | 32 | As formigas. |
| 02 | O ourizo da castaña. | 33 | A porca e o porquiño. |
| 03 | As nubes, as estrelas, a lua e o sol. | 34 | Andan ás escuras. |
| 04 | O sol. | 35 | O ovo e os pitos. |
| 05 | O ourizo da castaña. | 36 | A campá. |
| 06 | O ourizo da castaña. | 37 | O caracol. |
| 07 | O ourizo da castaña e o pau de varexar. | 38 | A masa do pan. |
| 08 | O ourizo da castaña e o pau de varexar. | 39 | O ovo. |
| 09 | O ourizo da castaña. | 40 | A agulla co ffo. |
| 10 | O ourizo da castaña. | 41 | O zapato. |
| 11 | O ourizo da castaña e o pau de varexar. | 42 | A campá e o badalo. |
| 12 | Os castiñeiros, os ourizos e as castañas. | 43 | O ourizo, o home e o lobo. |
| 13 | O muíño. | 44 | O sol. |
| 14 | A carta. | 45 | Os fungueiros do carro. |
| 15 | O muíño. | 46 | Os fungueiros do carro. |
| 16 | O mes de febreiro. | 47 | Dous ovos na tixola. |
| 17 | A noz. | 48 | Dous ovos na tixola. |
| 18 | O lóstrego. | 49 | Os bois, o home e o arado. |
| 19 | A aguillada. | 50 | As tesoiras. |
| 20 | A escuridade. | 51 | As tesoiras. |
| 21 | O piollo. | 52 | A nai, a filla e a neta. |
| 22 | O pucheiro. | 53 | As tesoiras. |
| 23 | A forcada. | 54 | O ovo. |
| 24 | A forquita. | 55 | A lingua. |
| 25 | O adival. | 56 | O morcego. |
| 26 | O adival. | 57 | O tornasol ou xirasol. |
| 27 | A fouce. | 58 | O galo. |
| 28 | A cebola. | 59 | A boca e os dentes. |
| 29 | A vaca. | 60 | A silva. |
| 30 | Catro. | 61 | A miñoca. |
| 31 | Febreiro. | 62 | O río. |
| | | 63 | O camiño. |
| | | 64 | A castaña. |
| | | 65 | A aguillada. |
| | | 66 | O ovo. |
| | | 67 | O ourizo da castaña. |

- | | | | |
|-----|----------------------------|-----|----------------------|
| 68 | A cebola. | 102 | O mes de febreiro. |
| 69 | A madeira do cadaleito. | 103 | O mes de febreiro. |
| 70 | O liño. | 104 | A castaña. |
| 71 | O sal. | 105 | O pote. |
| 72 | O galo, a pita e os ovos. | 106 | O allo. |
| 73 | O fento. | 107 | A mazaroca. |
| 74 | A toupa ou toupeira. | 108 | O libro. |
| 75 | O ollo. | 109 | A campá. |
| 76 | O ollo. | 110 | A árbore. |
| 77 | O ollo. | 111 | A agulla. |
| 78 | A cabra, a verza e o home. | 112 | A ovella. |
| 79 | A cobra. | 113 | As pitas. |
| 80 | A mesa. | 114 | O reloxo de parede. |
| 81 | As tesoiras. | 115 | A masa do pan. |
| 82 | A lingua. | 116 | Tres. |
| 83 | O ourizo da castaña. | 117 | O grilo. |
| 84 | A escuridade. | 118 | A máscara. |
| 85 | A lingua. | 119 | O galo. |
| 86 | A toalla. | 120 | A vaca. |
| 87 | O vento. | 121 | O forno e as brasas. |
| 88 | O sol. | 122 | A semana. |
| 89 | A vaca. | 123 | A pita. |
| 90 | A sombra. | 124 | A lingua. |
| 91 | A sombra. | 125 | A lingua. |
| 92 | O trelo. | 126 | A pita. |
| 93 | Os cornos da cabra. | 127 | A pita. |
| 94 | O sol. | 128 | A campá. |
| 95 | Os cornos da cabra. | 129 | A campá. |
| 96 | O sol. | 130 | A boca. |
| 97 | A vasoira | 131 | A leña. |
| 98 | Os cartuchos. | 132 | A carta. |
| 99 | Un montón. | 133 | O vento. |
| 100 | As estrelas. | 134 | O pensamento |
| 101 | O foguete. | 135 | A gaita |

A xeito de remate

Neste primeiro traballo de carácter recompilatorio tan só quixemos rexistrar, fixar por escrito e dar a coñecer estas cento trinta e cinco adiviñas tradicionais recollidas no concello do Corgo. Trátase dun rico patrimonio cultural inmaterial que, a partir de agora, poderá ser utilizado como ferramenta de referencia para proceder á súa salvagarda e transmisión, evitando así calquera eventual perda ou desaparición futura.

A Lei 5/2016², no seu título V, especifica que «as administracións públicas adoptarán unha política xeral encamiñada a salientar a función do patrimonio cultural inmaterial na sociedade como **elemento de carácter identitario**, así como a integrar a súa salvagarda nos seus programas de planificación» (Art. 69.1). Asemade, a administración competente en materia de patrimonio cultural «fomentará estudos científicos, técnicos e artísticos para o **registro e difusión** do patrimonio cultural inmaterial, así coma o desenvolvemento de metodoloxías para a súa investigación, en especial do que se encontre en perigo» (Art. 69.2).

Este tipo de iniciativas, con **propostas didácticas baseadas en dinámicas interxeneracionais**, favorecen a documentación, a fixación por escrito e a transmisión do Patrimonio Cultural Inmaterial das comunidades participantes, garantindo que se involucren neste labor os diferentes segmentos de idade. En resumidas contas, con esta publicación monográfica podemos afirmar que, de entre os trescentos trece concellos da Galicia administrativa actual, o do Corgo pasa a ser o primeiro dotado dun adiviñanceiro tradicional elaborado de maneira voluntaria, diacrónica, colaborativa e aberta polos seus propios veciños, así coma o segundo en riqueza, atendendo á cantidade, calidade e diversidade das fórmulas documentadas.

2 https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2016/20160516/AnuncioC3B0-110516-0001_gl.html

Bibliografía

- ABUÍN, J. (1947): *Adivinanzas*. Caderno manuscrito inédito.
- ALONSO, I. (2014): *Os falares dos concellos de Trasmiras e Quedro*. Pontecaldelas: Fundação Meendinho.
- APARICIO, B. (1992): *A tradición oral en Poio*. Pontevedra: Deputación.
- BELLO GARNELO, F. (2010): *Léxico y literatura de tradición oral en el entorno de As Médulas*. León: Universidade.
- CARNERO, O. et al. (2004): *Da fala dos brañegos. Literatura oral do concello de Abadín*. Lugo: Deputación.
- CASTRO, X. M. (1986): *O galego en Queizán (O Corgo)*. Compostela: Tese de Licenciatura inédita, Facultade de Filoloxía da USC.
- COBAS, X. (2014): *Era unha vez... A literatura folclórica infantil*. Vigo: Nigratreia.
- CORTIZAS, A. (2009): *Ao pé da Laxa da Moa. Literatura de tradición oral de Carnota*. Vigo: Xerais.
- CORTIZAS, A. (2021): *Adiviña esta adiviña*. Vigo: Galaxia, Col. «Árbore».
- CUEVILLAS, F. L. e LOURENZO, X. (1930): *Vila de Calvos de Randín*. Compostela: Seminario de Estudos Galegos.
- ESTRALOXOS, A. X. (2003): *Cántigas, ditos, alcumes... da Ribeira Sacra*. Pantón.
- FONTEBOA, A. (1992): *Literatura de tradición oral en el Bierzo*. León: Deputación.
- GÁRFER, J. L. e FERNÁNDEZ, C. (1984): *Adivinancero popular gallego*. Madrid: Taurus.
- GÁRFER, J. L. e FERNÁNDEZ, C. (2007): *Adiviñanceiro popular galego*. Vigo: Xerais.
- LADRA, L. (2021a): «O Proxecto CORGORAL. Unha proposta para a recolla da Literatura Popular de Tradición Oral no Corgo». *Lvcensia*, 62: 119-130.
- LADRA, L. (2021b): «O Proxecto CORGORAL e a prensa escolar como fonte para a recompilación da Literatura Popular no Corgo». *Corga*, 8: 22-31.
- LAMELA, C. et al. (1998): *A cultura popular de tradición oral nos centros da terceira idade*. Compostela: Consello da Cultura Galega.
- LANZA, F. (1933): «Falan os de Ribadeo». *Nós*, 114: 146-154.
- LÓPEZ, F.; FERNÁNDEZ, V. e LORENZO, X. (1936): *Parroquia de Velle*. Compostela: Seminario de Estudos Galegos.
- MARTÍN, P. (1975): *O libro das adiviñas*. Madrid: Akal.
- MARTÍN, P. (1985): *¿Qué cousa é cousa...? Libro das adiviñas*. Vigo: Galaxia.

- MARTÍN, P. (2008): «A adiviña, tamén un xogo». *Revista Galega de Educación*, 41: 24-27.
- MONTES LÓPEZ, M. (1997): *Aproximación ao léxico do Val de Láncara*. Lugo: Deputación.
- NORIEGA, A. (1914 e ss.): *Adiviñanzas* [Edición a cargo de X. R. Freixeiro, *Antonio Noriega Varela: obra completa*. 2 vols]. Lugo: Deputación, 1994.
- NÓS (1920): «Archivo filolóxico e etnográfico de Galizia». *Nós*, 1: 16-17.
- PRIETO, L. (1949): «As adiviñas na Terra da Gudiña (Ourense) e no concello de Vinhais (Trás-os-Montes)». *Douro-Litoral*, terceira série, 6: 33-39.
- RAMÓN, X. (1968): *Santa Marta de Moreiras*. Vigo: Castrelos.
- RIELO, N. (1976): *Escolma de Carballedo. Literatura popular*. Vigo: Castrelos.
- RISCO, V. (1928): «Ensaio d'un programa pr'o estudo da Literatura Popular Galega». *Nós*, 56: 142-155.
- RISCO, V. e RODRÍGUEZ, A. «Folklore de Melide», en VV. AA. *Terra de Melide*, pp. 425-535. Compostela: Seminario de Estudos Galegos.
- RODRÍGUEZ, C. (1986): «A propósito das adiviñas». *Grial*, 94: 469-473.
- SACO, J. A. (1881): *Literatura popular de Galicia* [Edición de J. L. Saco Cid]. Ourense: Deputación, 1987.
- SÁNCHEZ, G. (1994): *303 adiviñas*. Vigo: Xerais.
- VÁZQUEZ SACO, F. (1955): *Refraneiro galego e outros materiais de tradición oral*. Compostela: Centro Ramón Piñeiro de Investigación en Humanidades, 2003.



Estudos e Publicacións do Proxecto CORGORAL

- 1- O Proxecto CORGORAL. Unha proposta para a recolla da Literatura Galega de Tradición Oral no Concello do Corgo. *Lvcensia*, n.º 62. 2021.
- 2- O Proxecto CORGORAL. Documentar o Patrimonio Cultural Inmaterial en tempos de pandemia. IV Congreso Galego de Antropoloxía. 2021.
- 3- Orixe e significados dos nomes de lugar das parroquias e lugares. Toponimia do Concello do Corgo. Reimp. *Lvcensia*, n.º 34. 2021.
- 4- O Proxecto CORGORAL e a prensa escolar como fonte para a recompilación da Literatura Popular de Tradición Oral no Corgo. *Corga*, n.º 8. 2021.
- 5- O Proxecto CORGORAL e o adiviñanceiro tradicional do Concello do Corgo. *Lvcensia*, n.º 64. 2022.
- 6- Refraneiro tradicional do Corgo. Achega para un corpus da paremioloxía tradicional corguesa. En preparación.

Artigo extraído do número 64 da Revista

LVCENSIA

MISCELÁNEA DE CULTURA E INVESTIGACIÓN